

RESOLUCIÓN DA VALEDORA DO POBO DO, 22 DE ABRIL DE 2020, SOBRE OS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN E OS CONTRATOS EN EXECUCIÓN NA INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO CON MOTIVO DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLO RD 463/2020.

I. Antecedentes.

A situación de emerxencia xerada pola evolución do coronavirus COVID-19 levou ao Goberno a aprobar o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 67, do 14 de marzo).

A evolución da situación de emerxencia sanitaria obrigou á rápida posta en marcha de medidas de enorme impacto e transcendencia que debéronse ir modificando, corrixindo, aclarando e completando mediante o decreto de novas medidas.

As disposicións derivadas do estado de alarma e as medidas que delas se derivan teñen repercusión no ámbito das Administracións e, en consecuencia, tamén nas relacións destas coas empresas e os seus traballadores, tanto no que se refire a contratos xa formalizados como no relativo aos expedientes de contratación en calquera fase de tramitación anterior á súa execución.

II. Fundamento xurídico.

Os procedementos e contratación administrativa da Institución do Valedor do Pobo sométense, en todo os que lles resulte de aplicación, de maneira directa ao Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma, e aos efectos derivados do mesmo polo que é necesario aclarar as súas consecuencias nos contratos en vigor e nos procedementos en tramitación.

Neste sentido, a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspende os termos e interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades de todo o sector público, que se reanudarán no momento no que perda a vixencia o citado Real Decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. A continuación, no seu apartado terceiro, faculta aos órganos competentes para acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

O artigo 34 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE nº 73, do 18 de marzo), establece no seu primeiro apartado que os contratos públicos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva, vixentes no momento da entrada en vigor do Real Decreto Lei, celebrados polas entidades pertencentes ao sector público, cuxa execución deveña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, quedarán automaticamente suspendidos desde que se producise a situación de feito que impide a súa prestación e ata que a dita prestación poida renovarse. Entenderase que a prestación pode renovarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñesen impedindo, o órgano de contratación notifique ao contratista a fin da suspensión.

Por outra banda, no penúltimo parágrafo deste mesmo apartado, establécese que, para aqueles contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva, cando ao vencemento dun contrato non se tivese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación como consecuencia da paralización dos procedementos de contratación derivada do disposto no RD 463/2020, e non puidese formalizarse o correspondente novo contrato, poderá aplicarse o previsto no último parágrafo do artigo 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) con independencia da data de publicación da licitación do novo expediente.

O mencionado artigo da LCSP establece que, cando ao vencemento dun contrato non se tivese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adjudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.

III. Contratos en fase de execución.

Os contratos actualmente en fase de execución son os seguintes:

Nº Expediente	Contratos en fase de execución
006/2017	Contrato de servizo de prevención alleo

Nº Expediente	Contratos en fase de execución
001/2017	Contrato de servizo de mantemento a todo risco dos aparellos elevadores do edificio sede do Valedor do Pobo
001/2016	Contratación do subministro e a instalación de infraestruturas de comunicación e seguridade e servizos de mantemento asociados no edificio sede do Valedor do Pobo
004/2018	Seguridade e vixilancia do edificio
005/2018	Seguros de vida, accidentes e vehículo
008/2018	Sede electrónica
026/2018	Uniformes Uxier-Conductor
027/2018	Limpeza e mantemento Sede do Valedor do Pobo (Lote 1 - Limpeza)
031/2018	Soporte e mantemento informático
036/2018	Servizo de mantemento do edificio sede do Valedor do Pobo
013/2019	Implantación dunha plataforma de accesibilidade e usabilidade para o sitio web da Institución do Valedor do Pobo
018/2019	Servizos Postais e Telegráficos (3 Lotes)
033/2019	Configuración e posta en marcha dun servizo de centraliña virtual, subministración de terminais telefónicos e o seu mantemento
Nº expediente	Contratos menores en execución
008/2020	Mantemento fotocopiadoras
006/2020	Subministración auga mineral
011/2020	Conexión a central receptora de alarmas e mantemento preventivo dos sistemas de seguridade
005/2020	Telefonía fixa e acceso a internet

Respecto dos contratos anteriores, non se considera que a súa execución resulte imposible durante o estado de alarma, sen prexuízo de que se adapten ás medidas de prevención dispostas polas autoridades sanitarias e se garanta a prestación dos servizos ou subministracións, segundo o caso, sempre que as adaptacións non supoñan o incremento ou redución das prestacións ou se modifique a data da súa execución.

Adoptadas as medidas oportunas de adaptación ás circunstancias derivadas da declaración do estado de alarma, os contratistas seguirán prestando os servizos nas condicións establecidas nos contratos e nos pregos, adoptando as medidas de seguridade e prevención máxima, que deberán comunicar aos empregados e, se fora o caso, facilitándolles credenciais para xustificar de modo suficiente o seu desprazamento á sede da Institución do Valedor do Pobo.

IV. Procedementos de contratación iniciados e non finalizados no momento de declaración do estado de alarma.

A Institución do Valedor do Pobo non conta con procedementos de contratación que se iniciaran e non finalizaran na data de declaración do estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

V. Procedementos de contratación que estaba previsto licitar no momento de declaración do estado de alarma.

a) Contrato de seguridade e vixilancia.

- 1.º A Institución do Valedor do Pobo asinou con data de 11 de abril de 2018 un contrato coa empresa Salzillo Seguridad, S.A., para a prestación do servizo de vixilancia e seguridade do edificio sede do Valedor do Pobo.
- 2.º O contrato estaba suxeito a unha duración inicial de dous anos, contados dende o 1 do maio de 2018. Polo tanto, o 30 de abril de 2020 remata o período inicial de vixencia do contrato que, de conformidade co establecido no apartado k) da folla de especificacións, 12.2 do prego de condicións administrativas particulares e cláusula quinta do contrato poderá ser prorrogado por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, polo tempo que acorde o órgano de contratación, e cun máximo de dous (2) anos.
- 3.º Con data do 04 de febreiro de 2020 comunicouse á empresa Salzillo Seguridad, S.A., a intención da Institución de proceder á prórroga do contrato concedéndoselle un prazo de 7 días hábiles para que manifestasen a súa conformidade ou non coa mesma.
- 4.º Con data de 10 de febreiro de 2020, Salzillo Seguridad, S.A., comunica que debido ás subas salariais dos últimos anos, xunto coas subas previstas para o ano 2021 renuncia á prórroga por dous anos de duración.
- 5.º A partir da data na que a empresa Salzillo Seguridad, S.A., comunica a súa renuncia á prórroga do contrato comeza o proceso de valoración económica e redacción da memoria, prego de condicións administrativas particulares e prego de prescricións técnicas correspondentes a unha nova licitación do servizo polo procedemento aberto, non suxeito a regulación harmonizada, e con pluralidade de criterios de adxudicación.
- 6.º O proceso de redacción desta documentación remata a semana do 09 de marzo, véndose imposibilitada a publicación da licitación pola suspensión de termos e prazos establecida polo RD 463/2020.

b) Contrato de servizo de prevención alleo e vixilancia da saúde.

- 1.º A Institución do Valedor do Pobo asinou o 28 de abril de 2017 un contrato coa empresa Cualtis, S.L.U., para a prestación do servizo de prevención alleo e vixilancia da saúde da Institución do Valedor do Pobo.

- 2.º O contrato estaba suxeito a unha duración inicial de dous anos contados dende o 01 de maio de 2017 e podía prorrogarse, por mutuo acordo das partes, por un período adicional dun ano.
- 3.º Por resolución da Valedora do Pobo de 11 de marzo de 2019 prorrogouse o contrato por mutuo acordo das partes por un período adicional dun ano, que remata o 30 de abril de 2020.
- 4.º No momento de declaración do estado de alarma estíbese rematando a elaboración da memoria e dos pregos de condicións administrativas particulares e de prescricións técnicas que debían rexer a nova licitación do servizo de prevención alleo e vixilancia da saúde. A publicación desta licitación, proxectada polo procedemento aberto na súa modalidade simplificada do artigo 159 apartados 1 a 5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), estaba prevista para a segunda quincena do mes de marzo pero viuse interrompida pola suspensión de termos e prazos establecida polo RD 463/2020.

Á vista do anterior e do informe emitido polo xefe do Servizo II,

RESOLVO:

- 1.º Non suspender os contratos de prestación de servizos e de subministración cuxa actividade non fose paralizada como consecuencia da declaración do estado de alarma establecida polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.
 - 2.º A contratación menor non está excluída dos efectos establecidos pola declaración do estado de alarma. Porén, seguiranse tramitando aquelas contratacións que non permitan demora na súa xestión, por seren imprescindibles para o normal funcionamento da Institución do Valedor do Pobo.
 - 3.º Prorrogar coa empresa Salzillo Seguridad, S.A. (A73100638), por razóns de interese público e coa finalidade de non interromper a prestación do servizo de seguridade e vixilancia do edificio sede do Valedor do Pobo como consecuencia da falta de formalización dun novo contrato por causas imprevisibles consecuencia da aplicación das medidas establecidas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma derivado da situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- A prórroga realízase de acordo co réxime establecido no artigo 29.4 parágrafo quinto da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, coas particularidades

establecidas no artigo 34.1 parágrafo do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, nos seguintes termos:

a. Duración.

A duración da prórroga será polo tempo exclusivamente necesario para licitar un novo contrato e que comece a execución do mesmo por un novo contratista unha vez rematada a suspensión de termos e prazos establecida como consecuencia da declaración do estado de alarma e co límite máximo de oito meses contados dende o 01 de maio de 2020.

b. Efectos.

A prórroga prodúcese sen variación das circunstancias que serviron de base para a adxudicación do contrato.

c. Importe.

A prórroga prodúcese, para un período máximo comprendido entre o 01 de maio e o 31 de decembro de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 01.02.111B.227.01 do orzamento de gastos de 2020 por un importe de 30.603,32 € IVE engadido (trinta mil seiscientos tres euros con trinta e dous céntimos) dos que 25.291,17 corresponden ao importe neto e 5.311,15 € ao IVE do 21%.

4.º Prorrogar coa empresa Cualtis, S.L.U. (B84527977) por razóns de interese público e coa finalidade de non interromper a prestación do servizo de prevención alleo e vixilancia da saúde á Institución do Valedor do Pobo como consecuencia da falta de formalización dun novo contrato por causas imprevisibles consecuencia da aplicación das medidas establecidas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma derivado da situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A prórroga realízase de acordo co réxime establecido no artigo 29.4 parágrafo quinto da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, coas particularidades establecidas no artigo 34.1 parágrafo do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, coas seguintes condicións:

a. Duración.

A duración da prórroga será polo tempo exclusivamente necesario para licitar un novo contrato e que comece a execución do mesmo por un novo contratista unha vez rematada a suspensión de termos e prazos establecida como consecuencia da declaración do estado de alarma e co límite máximo de oito meses contados dende o 01 de maio de 2020.

b. Efectos.

A prórroga prodúcese sen variación das circunstancias que serviron de base para a adxudicación do contrato.

c. Importe.

A prórroga prodúcese, para un período máximo comprendido entre o 01 de maio e o 31 de decembro de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 01.02.111B.227.09 do orzamento de gastos de 2020 por un importe de 3.863,60 € IVE engadido (tres mil oitocentos sesenta e tres euros e sesenta céntimos) dos que 3.788,00 € corresponden ao importe neto e 75,60 € ao IVE do 21%, coa seguinte desagregación por servizos:

	Prevenición e vixilancia colectiva	R. Xeral	R. Xinecolóxico	R. Urolóxico	Fisioterapia.	Total
2020 (maio-decembro)	435,60 €	1.650,00 €	650,00 €	720,00 €	408,00 €	3.863,60 €

E os seguintes prezos unitarios:

- Servizo de prevención e vixilancia colectiva da saúde: 163,35 €/trimestre (IVE engadido)
- Recoñecemento xeral: 75 €/persoa
- R. xinecolóxico: 65 €/persoa
- R. urolóxico: 60 €/persoa
- Fisioterapia rehabilitadora: 17 €/hora (máximo 24 horas).

5.º Comunicarlle esta resolución aos interesados, ao Servizo II e a Intervención Xeral do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo.

6.º Publicar esta resolución no perfil do contratante da Institución do Valedor do Pobo na plataforma de contratos de Galicia.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo